

**A experiencia  
fíxose coa  
promoción  
1986/87-  
1989/90**

## Un modelo de ensino alternativo para BUP

□ Unha experiencia realizada no Instituto Xelmírez

O ensino na Comunidade Autónoma Galega non conta con moitas experiencias anovadoras e estas poucas veces superan o plano de sinxelas experiencias para se convertiren en proxectos rigurosos de investigación. Como excepción de ámbalas dúas afirmacións presentamos hoxe unha tese de doutoramento feita nunha práctica concreta, segundo o modelo en alza de investigación-acción. O autor é Xosé Calviño Pueyo, profesor de Filosofía no instituto "Arcebispo Xelmírez" de Santiago, e o director Javier Tejedor Tejada, catedrático de Pedagogía da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación da Universidade de Santiago. A tese foi defendida o pasado 11 de xaneiro e obtivo a calificación de "Apto cum laude". A estrutura é a que segue: crítica do ensino tradicional, presentación do modelo alternativo.

A tese ten como finalidade a presentar, analizar e avaliar un modelo educativo, -alternativo ó tradicional-, orientado sobre todo, á etapa 14-16 anos, e que se está a experimentar no I. de Bachelato "Arcebispo Xelmírez" de Santiago.

### Ensino tradicional


No primeiro capítulo realízase unha análise de certas características que se asocian o chamado ensino tradicional e que o poñen en cuestión: academicismo e formalismo, pasividade e sumisión, competitividade, memorismo... E faise fincapé no feito de que este tipo de ensino desemboca nun tráxico fracaso escolar, que moitas veces implica fracaso vital e marginación.

Como confirmación da realidade deste fracaso escolar, inclúese o historial (Táboa 1) dunha promoción do Instituto (1986/87 - 1989/90) que nos pon o descuberto un sistema educativo orientado á selección de alumnos e sentenciado, consecuentemente, a producir fracaso.

A táboa indícanos que dos 281 alumnos que iniciaron 1º de BUP pasan a 2º o 83%, a 3º o 64% e chega a COU o 52%. E, finalmente, só o 30 por cento dos alumnos que empezaron os seus estudos medios no curso 1986/87 aprobaron COU, e nada máis que 53 alumnos, é dicir, o 19 por cento, aproba a selectividade en xuño do curso 1989/90.

### Modelo alternativo

No capítulo segundo descríbese un modelo alternativo ao modelo denominado tradicional, que, seguindo no funda-



O modelo potencia a actividade e participación dos alumnos.

mental as ideas de Piaget, Ausubel e Eisner, se define polos seguintes principios:

- Crear un ámbito educativo agradable e distendido, baseado nunhas verdadeiras relacións persoais. A investigación realizada pon de manifesto que ó a realización deste principio xa pode definir unha acción educativa cualitativamente distinta á tradicional, e, por tanto, innovadora.

- O sistema educativo non debe estar orientado á adquisición mecánica de contidos, senón que, no marco do modelo constructivista, debe orientarse a formar integramente a personalidade dos alumnos, procurando un enriquecemento conceptual-cognoscitivo, a través das técnicas da aprendizaxe significativa (na liña sinalada polo especialista Ausubel), potenciando o desenvolvemento das capacidades dos alumnos, e fomentando actitudes positivas ante a vida.

- Diseñar a actividade educativa desde unha perspectiva experiencial, de maneira que se potencie a actividade e participación dos alumnos.

### Sistema globalizado

Neste sentido, e sobre todo para os cursos de 1º e 2º de Bachelato (que na reforma constituirán a segunda etapa do Ensino Secundario obrigatorio), propónse un sistema globalizado no sentido de converxencia interdisciplinar de coñecementos cara un tema de estudo proposto como traballo de investigación que terán que realizar os alumnos baixo a orientación do equipo de profesores.

### Unidade interdisciplinar

O enfoque da experiencia citada pode levarse a práctica atendendo aos seguintes momentos:

1) Tratar de unificar a acción educativa trimestral do grupo entorno ao estudo dalgún gran tema común: "o medio físico", "a natureza e a vida", "o home e a produción"...

2) Esta acción educativa unifícase aínda máis coa realización dunha unidade interdisciplinar que centrará o traballo de cada trimestre.

3) O núcleo de cada unidade estará constituído por unha viaxe de estudo, de varios días, a unha zona que exemplifique e concrete o estudado na unidade.

Pero, ademais cada unidade interdisciplinar debrá incluír os seguintes pasos:

- Período de preparación: os alumnos, en grupos, inician o estudo da zona que vai a ser visitada, segundo as orientacións e material que os profesores lle suxiren.

- Visita de análise e estudio á zona eleixida para verificar e completar o denominado estudo de grupo, e para realizar as actividades que a cada alumno se lle encomendan no "caderno de campo".

- Etapa de conclusións e avaliación, na que se rematan e entregan os estudos de grupo e os "cadernos de campo" individuais, sobre os que se realizará a avaliación globalizada, que rematará nunha única calificación.

### Avaliación positiva

Frente a un sistema de avaliación que normalmente queda reducido á realización duns "exames", que pretendidamente "miden" os coñecementos dos alumnos nunha determinada materia, o novo modelo educativo alternativo propugna un sistema de avaliación que atenda á actitude dos alumnos e, sobre todo, á actividade realizada durante todo o período que se avalía.

Esta avaliación, que non só debe ser cuantitativa, senón tamén compre que atenda ós chamados aspectos cualitativos, estará orientada, en calquera caso, a valorar todo o proceso educativo e a intervir positivamente no propio proceso educativo.



No medelo que se propón, o proceso de avaliación non debe impedir -e isto vale especialmente para os niveis que sen ou van ser de ensino obrigatorio-, e dereito que teñen os alumnos á educación e, por tanto, a realizar, "sen repetilas", as actividades e experiencias que os equipos de profesores desexan e organizan para cada curso.

### Historia da promoción 1986/87 - 1989/90 no "Xelmírez I"

Curso	Número de alumnos dos que empezaron %	Porcentaxe respecto	Repiten curso centro	Cambian de	Promocionan curso
1º BUP (1986-87)	281		41	7	233
2º BUP (1987-88)	233	83%	50	4	179
3º BUP (1988-89)	179	64%	19	13	147

COU (1989-90)	147	52	Número e porcentaxe (referida aos que empezaron en 1º BUP) dos que Aproban COU			
			Aproban a Select.			
			Nº	%	Nº	%
			86	30,5	53	19

	Alumnos que inician	Alumnos que cambian de centro	Alumnos que aproban a selectividade	Porcentaxe de alumnos sen fracaso (descontando aos que cambiaron de centro)
Balance				
Final	281	24	53	20,5%



As conclusións recollen a necesidade de humanizar a educación e de modelos máis experienciales.

# Hay que humanizar o proceso educativo

□ Os exames non deben ser o obxectivo prioritario da avaliación

O terceiro capítulo recolle a avaliación da realización deste modelo nun grupo experimental, contrastando os resultados cos dun grupo de control. Esta avaliación realizada durante dous cursos (1º y 2º de BUP), nos ponen de manifesto os seguintes resultados:

- En canto aos resultados académicos (e tal como se pode apreciar nas gráficas 1 e 2), mentras que os dous grupos tiveron unhas calificacións moi similares (un pouco superiores no grupo de control) en 8º de EXB, pero no grupo de control prodúcese un índice de insuficientes que supera o tercio das calificacións (34,8 por cento de insuficientes). E a traxedia do fracaso escolar aínda aparece máis patente se temos en conta que no período dos dous cursos de BUP que se avalian (e que na reforma será ensino "obligatorio"), mentras que no grupo experimental "repite" case a metade dos alumnos (o 43 por cento).

Esta redución do fracaso escolar no modelo innovador viu-se confirmada polos resultados que os grupos iniciadores deste modelo educativo obtiveron nas probas de selectividade, pois superan en dez puntos a media de aprobados nos institutos de Santiago.

- En canto ás actitudes cívico-sociais analizadas, hai que suliñar o feito de que os alumnos do grupo experimental, á parte de que teñen uns valores absolutos finais máis altos nas oito variables estudadas, tamén progresan máis que o grupo de control, con relación ao respectivo punto de partida, en catro destas variables, precisamente naquelas que máis se relacionan coa tolerancia, a eficacia e a postura crítica.

- Polo que se refire ás variables psicolóxicas, cabe destacar o feito de que os alumnos do grupo experimental, ademais de progresar nas oito variables analizadas, e melloran máis nas variables relacionadas coa redución da ansiedade, o aumento da autonomía e a satisfacción no traballo, variables nas que os alumnos "normais" descenden, respecto do seu propio punto de partida, durante o período de dous anos que son obxecto da investigación.

- No que se refire ás variables académicas non hai diferencias que inclinen a balanza a favor de ningún dos grupos, aumentando cada un deles máis que o outro en tres das seis variables estudadas.

Toda esta investigación pon de manifesto que o modelo de ensino innovador experimentado, ademais de conseguir un bo nivel de coñecementos e unha importante redución de fracaso escolar, potencia o desenvolvemento de capacidades tan importantes como o espírito crí-

tico, favorece actitudes como a da satisfacción no traballo, e produce autonomía e redución de ansiedade, todos eles aspectos absolutamente determinantes para formar personalidades positivas e creativas tal como poñen de relieve autores como os neofreudianos e aspectos que deben definir unha acción educativa rica segundo autores tan recoñecidos como Nickel, Kemmler, Lehr ou Mussen.

Ademais, neste capítulo terceiro inclúese un revelador estudio, baseado na técnica da Análise Discriminante, que nos indica que o éxito nunhas materias tan académicas e típicas como a Lingua ou as Matemáticas se asocia máis coas variables que definen a tolerancia ou a satisfacción no traballo que con outras variables incluso de tipo académico.

Toda esta investigación nos leva a presentar a acción educativa como un proceso aberto á constante reflexión e experimentación.

## CONCLUSIONES

### Tres grandes propostas

En canto ás conclusións xerais da investigación, á parte daquelas que se refiren máis directamente á aplicación e proposta do modelo analizado como modelo alternativo, preséntanse tres grandes conclusións-proposta, que, a pesar da súa amplitude e xeneralidade, de ser aplicadas, definirán un novo xeito innovador de entender a educación.

- En primeiro lugar, aparece a necesidade de humanizar a educación hipótese central desta investigación, e, tal vez, a máis confirmada polo estudio empírico que se presenta na Tese.

- En segundo lugar, e vencellada á conclusión anterior, propónse, para estes niveis que son ou van ser de ensino obrigatorio, un modelo educativo máis experiencial aberto (menos academicista e formalista que o actual) e orientado a unha acción educativa interdisciplinar e globalizada, que implique a actividade (individual e grupal) dos alumnos.

- En terceiro lugar, e como complemento das dúas conclusións anteriores, postúlase un sistema de avaliación que se caracterice por:

a) Non convertir os exames no principal obxectivo do proceso educativo.

b) Que non teñan como misión o seleccionar alumnos.

c) Que atenda especialmente á actividade realizada no período que se avalía.

d) Que intente valorar todo o proceso educativo e intervir positivamente na súa mellora.




Gráfico 1: Porcentaxes de insuficientes, suficientes, bens, notabeis e sobresaientes correspondentes ás seguintes asignaturas: Lingoa Galega, Lingoa Española, Matemáticas, Ciencias Naturais e Ciencias Sociais, obtidos en xuño de 8º de Ensinanza Xeral Básica (curso 1987-88).

Gráfico 2: Porcentaxes de insuficientes, suficientes, bens, notabeis e sobresaientes correspondentes ás asignaturas de Lingoa Galega, Lingoa Española, Matemáticas, Ciencias Naturais e Ciencias Sociais, obtidos en xuño de 1º de BUP (curso 1988-89).

ITINERARIO ARQUEOLÓXICO POLA ALTA LIMIA

# A señorial Torre da Homenaxe na localidade de Sandiás

Este itinerario é un percorrido polas riquezas histórico-artísticas da Alta Limia, moitas aínda sen catalogar, e abarca os concellos de Sandiás, Xinzo, Sarreaus e Trasmiras. Este itinerario arqueolóxico non consistiu unicamente no pateo de pobos e montes en busca de posibles xacementos de época remota, senón que complementouse cun estudo previo da cartografía e a toponimia do lugar, da bibliografía existente sobre o tema e o contacto cos lugareños, ó meu entender a fonte principal de información, si se interpreta ben, aínda que nos confundan con técnicos do parcelamento, inspectores do concello, buscadores de cogordos ou testigos de Jehová. As zonas arqueolóxicas a destacar –segundo o orden de chegada dende Ourense– son cinco e corresponden cos pobos de Sandiás, Abavides, Escornaboís, Vilaseca e Nocelo.

**Sandiás**


E onde se atopa a Torre da Homenaxe, o único que resta da fortaleza que aquí se levantou, varias veces destruída e volta a construír por portugueses, Irmandiños, ingleses, nobres, casteláns, etc.

A visión de esta torre engana moito; vista dende a estrada parece unha ruína a punto de desmoronarse, pero unha vez preto dela pódese apreciar o grosor dos recios muros e o impresionante traballo de cantería no que están feitos, a poucos metros aínda se ven restos dun acceso, na pedra rebaixada, a cima do monte onde se levanta o castelo. A

de Sandiás, xunto ca de Porqueira e a da Pena forman un triángulo máxico de torres na Limia. Preto de Sandiás, nun pobo das cercanías hai unha preciosa igrexa románica, curiosas fontes e ate algunha ara romana ó lado das casas.

**Abavides (Concello de Trasmiras)**

Seguindo a estrada nacional e pasado Xinzo, onde hai que destacar a súa igrexa románica, chegamos a Abavides, onde atopamos algo que nos chamou a atención. Animados polo topónimo de "Madorra" (enterramento megalítico), ubicado xustamente á saída do pobo, inspeccionámolo lugar pero ó estar iste moi traballado só pudemos recoller algúns fragmentos de tégula (tella romana ou medieval), nembargantes os veciños aseguraban ter levantado, nesa zona, cos seus arados grandes pedras e descuberto estancias de pedra, perfectamente traballada, debaixo da terra. Pero a sorpresa viría ó outro lado da estrada, na vertente dun outeiro, córoado por unha virxe colocada enriba dun fuste de columna, probablemente reutilizada, alí contáronnos historias de tesouros atopados debaixo da Virxe; pois ben, nos lameiros da vertente un paisano falounos de "penedos con formas extrañas", que resultaron ser días tumbas antropomorfas excavados na rocha, estabamos diante dunha necrópolis medieval, tal vez do tempo dos suevos.



MANUEL GARCIA VALDEIRAS Torre da Homenaxe, en Sandiás.

**Na vila destacan un peto das ánimas, un cruceiro e a igrexa**

# Escornaboís, da afición á fascinación polo ouro

□ A referencia máis antiga data do ano 950


**Un veciño atopou un pote de ouro arando na súa finca**

Seguimos pola estrada nacional para cortar á esquerda en Viladerrei, alí atópase o montículo do Castelo, no pobo do mesmo nome, xa mencionado no século XVIII por González de Ulloa, na súa obra "Los estados de la casa de Monterrey", como chave e paso obrigado para o val de Sarreaus, cousa que se pode comprobar ó subir ó alto do Castelo e contemplar a maravillosa panorámica que dende alí se nos ofrece.

A referencia máis antiga que coñezo con respecto a Escornaboís data do 950 en que uns enviados do rei Ramiro de Castela, mandados alí para arbitrar nas disputas do todopoderoso San Rosendo de Celanova e os jerifaltes da zona, falan de abundantes petroglifos no monte entre Baldriz e as "vilas" de Escornaboís.

Segundo as lendas, o orixe do nome deste pobo estaría nun boi, para onde mirase o animal fariase Escornaboís e do outro lado Rabal (o rabo), o pequeno pobo anterior a Escornaboís.

En Escornaboís destacan un cruceiro, un peto de ánimas do XVIII e o altar de estilo barroco da igrexa, pero sobre todo está o "corazón do pobo nun outeiro que chaman San Roque ou Capilla, o lugar é un altiño no medio da aldea cun "Pedrairo" (certo tipo de arbre), que segundo os mais vellos ten centos de anos, alé xúntanse os homes para celebrar o concello no que discuten os problemas comúns, tamén hai un pazo que antigamente pertenceu a uns marqueses e agora está dividido entre varias persoas; no pazo hai, en parte, construcións modernas,



Na zoa atopáronse moitos restos arqueolóxicos.

mais aínda se poden apreciar rarezas tales como un capitel con grabados na parte superior e que hoxe serve de pequeno banco a carón dunha ventana. A pequena capela dedicada a San Roque dependía do pazo como "Ecclesia mea propria", que tódolos señores tiñan para uso exclusivo.

Un descubrimento interesante foi o realizado nuns terreos cercanos denominados A Cigüeñeira, onde hai un penedo cunha inscrición sen descifrar, ademais a zona semella ter servido como asentamento, quizais un castro, en época antiga e ás leiras da parte baixa chámanlles "A Telleira" (pola gran

cantidade de tégulas e pedra que se levantan ó traballalas); cando construíron unhas casas sobre esta parte de Escornaboís atopáronse pedras circulares de muiño e varios pozos ben labrados, agora tapados polo cemento das casas.

Nos montes de Escornaboís tamén hai posibles xacementos

arqueolóxicos, como os de "Valcobo" e "Vilariño", onde din os lugareños que vivían os "homos primitivos". Personalmente recollín varias mostras de tégula e cerámica castrexa.

**Fascinación polo ouro**

Unha das características mais extendidas entre os paisanos labregos é a súa afición e fascinación polo ouro (os tesouros dos mouros), a búsqueda de tesouros era un dos traballos mais difundidos polos nosos campos cando aínda non había lotería ou quinielas; pois ben, esta característica está moi acentuada na parroquia de Escornaboís: excavaron na "capilla", onde din que están enterrados os marqueses co seu ouro, excavaron na "Cigüeñeira", excavaron na igrexa parroquial. Quen non excavou nada e sen embargo atopou un pote de ouro arando na súa finca foi un veciño de Rabal, quen vendeu as moedas a un "listillo por unha miseria".

Falando con algúns paisanos das súas buscas infructuosas de tesouros, escoitamos de un home que lendo un libro (posiblemente o Ciprianiño) de tesouros decidiu excavar nunha zona que chaman "O Muiño", pola descripción, o que atopou era nin mais nin menos unha cista, enterramento que foi desmantelado porque lle pareceu sen valor algún; inspeccionámolo lugar, pero sobre o terreo da cista pasa agora unha pista do parcelamento.

Se lles parece que dedico máis tempo a este pobo que ós outros, non lles extraña, eu son de Escornaboís.

## ITINERARIO ARQUEOLÓXICO POLA ALTA LIMIA

**Contan que as cabras sacaban ouro coas patas na zona do "Muro"**

## Vilaseca, unha terra chea de lendas

□ A máis famosa é a da trabe de ouro

Dentro de Vilaseca está a rúa vella, onde se poden apreciar moitas pedras reutilizadas de diversa orixe: romanas, medievais..., tamén hai un pozo de pedra labrada que segundo nos contaron é grandísimo, actualmente está tapado por unha casa, e tal vez formase parte dun alcantarillado de posible orixe romana que enlazaría fontes e pozos por toda a aldea. Nos arredores de Vilaseca dimos conta de catro fontes vellas, das que dúas están agora cubertas polas pistas do aparceramento. Tamén está a zona "do Muro" ou "penedo do Mouro", onde as lendas din que as cabras (noutras lendas semellantes son outros animais domésticos como as galiñas) sacaban ouro coas patas. Esta é unha lenda que non podía faltar nunha terra de lendas como a Limia: a lenda da trabe de ouro, paralela a lenda da trabe do lume que nos contaran en Abavides.

### Nocelo da Pena (Concello de Sarreaus)

Esta é a zona con mais referencias bibliográficas xa que no monte de Nocelo, o monte do Viso, estivo ubicada a "Villa Limicorum", que dominaba o val da Limia, o val de Monterrei e o Monte Medo, cuna do bispo Idacio, quen presidira un concilio en contra da herexía priscilianista e tamén autor das Suevias, libro onde se narra entre outras cousas a destrución polos Suevos da Villa Limicorum. No Museo Arqueolóxico de Ourense consérvanse hoxe unha ara e dúas estelas conmemorativas de dito lugar. E isto non é todo porque aínda quedan moitas zonas da Alta Limia por estudar ou revisar mais a fondo as xa estudadas para verificar ou desmentir os descubrimentos realizados, e tamén para buscar novos signos e xacementos.



"Fonte vella", Vilaseca.

**Chamamento ó profesorado para que non secunde proclamas belicistas**

## Nova Escola Galega, en defensa da paz


□ Denuncia as novas embestidas dos partidos da guerra

O colectivo Nova Escola Galega, como asociación firmemente comprometida co seu entorno, diante dos difíceis momentos que estamos a vivir pola denominada guerra do Golfo Pérsico, manifesta os seguintes puntos:

- Declara novamente o seu compromiso cos valores de paz, entendida non só como ausencia de guerra, senón tamén como presenza de xusticia, liberdade e desenvolvemento equitativo para tódalas persoas e pobos do mundo.
- Denuncia as novas embestidas dos partidos da guerra, dos intelectuais orgánicos, dos medios de comunicación próximos ao poder, na súa insistente e incomprensible campaña de deseducación para a paz, intentando crear un estado de opinión favorable e abonado á intervención militar e á opción da guerra como única alternativa á solución dos conflitos.

### Chamamento

- Renova o seu chamamento a tódolos compoñentes da comunidade educativa de tódolos niveis educativos para que fragan da educación para a paz un proceso contínuo e permanente. Facemos un chamamento especial ao profesorado para que non secunde as proclamas belicistas e participe activamente no fortalecemento do movemento de educadores pola paz.
- Reclamamos da administración autonómica así como das administracións municipais que arbitren as medidas e asignen os recursos necesarios para a creación e desenvolvemento de programas de educación para a paz.



GARABULLINO



### □ NOVAS

## Novas titulacións

O Concejo de Universidades ven de aprobar 39 novas titulacións, das que 11 son licenciaturas, 5 diplomaturas e 23 inxenerías. Salientamos a proposta de titulación en educación, que se perfilan en dúas licenciaturas en: organización e administración da Educación e Psicopedagogía, e tres diplomaturas en: Educación Social, Logopedia e mestre, esta con sete especialidades de educación infantil, primaria, lingoa, extranxeira, educación física, musical, especial e lingoaxe e educación.

## Recursos alternativos

Esta a ser moi concurrida a exposición sobre recursos didácticos alternativos, inaugurada no Museo Municipal de Ourense o pasado 14 de febreiro e que permanecerá aberta até o 28 de febreiro. A organización corre a cargo da ASPGP e o departamento de Didáctica da Universidade de Vigo, institución esta que será a depositaria de moitos dos materiais expostos.

## Eleccións ó claustro

Hoxe dende as 10 da mañá até ás 6 da tarde están abertas as mesas electorais das que saíran os representantes do primeiro claustro da Universidade de Vigo. Os 177 profesores doutores constitúen o 50% do claustro, mentras que os profesores non doutores, os alumnos e os PAS eleixirán o 50 por cento restante.

## Revista "Letra e Imaxe"

O Instituto de Bachelato do Couto de Ourense acaba de publicar o número 4 da revista escolar "Letra e Imaxe", na que se inclúen artigos de divulgación, narracións curtas, poemas, cómics, etc... Nas aportacións dos estudantes on fallan reflexións críticas e humorísticas a actual situación bélica.

## NA ESCOLA

### Consello de Redacción:

Xosé Manuel Cid (coordinador).

Mercedes Suárez Pazos; Antonio Fernández Pereira; Mercedes González Sanmamed; David Cortón; Cecilia Bello Rodríguez; Manolo Bragado; Xesús Rodríguez Jares e Xoán M. Andrade.

Colabora: Nova Escola Galega.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

